



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

ANUNCIO CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2026 DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

Por Resolución da Alcaldía núm. 27/2026, do 16.01.2026, acordouse realizar a convocatoria pública das bases do Concurso de disfraces Entroido 2026 do Concello de Val do Dubra.

BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2026

PRIMEIRA.- Obxecto

A Concellería de Cultura do Concello de Val do Dubra convoca o concurso de disfraces que se realizará dentro das actividades e espectáculos do Entroido 2026 o día 14 de febreiro de 2026.

SEGUNDA. - Modalidades

As modalidades detállanse a continuación:

- **Categoría “comparsa ou grupo conxuntado”.** Deberá estar formada de alomenos 5 persoas maiores de 14 anos. Nesta categoría poderán participar nenas e nenos sempre que o número de integrantes maiores de 14 anos sexa maior que o número de menos de 13 anos participantes.
- **Categoría “parellas”.** As parellas inscritas non poderán participar nas outras modalidades.
- **Categoría “individual”.** As persoas inscritas nesta modalidade non poderán participar nas outras modalidades.

TERCEIRA. Lugar, emprazamento e condicións de desenvolvemento do concurso.

O Concurso consistirá nun desfile o día 14 a partir das 17.30 co seguinte percorrido: Campo da Feira de Bembibre, Rúa da Corredoira, Rúa Os Muíños, Rúa Arcai pasando por diante da Casa do Concello ata chegar ao lugar do evento, que neste caso será unha carpa situada no Aparcamento Municipal, próximo á Rúa San Lourenzo e na rúa paralela á Rúa Arcai.

O emprazamento pode sufrir modificacións por inclemencias do tempo, co cal non se podería facer o desfile e tería que trasladarse o evento ao Pavillón Municipal.

Tanto ao longo do desfile como na carpa, onde as/os participantes poderán facer algún tipo de representación ou performance alusiva ao disfraz, os membros do xurado



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

avaliarán os disfraces e outorgarán o veredicto ao rematar o baile previsto para o evento.

CUARTA. - Inscripcións

As inscricións para poder participar no concurso comezarán o día da publicación das mesmas no BOP e rematarán o día 12 de febreiro. Poden realizarse a través da Sede electrónica ou no Rexistro Xeral do Concello de Val do Dubra.

As inscricións realizaranse segundo os modelos e criterios que figuran como:

Anexo I. Modalidade “comparsas”.

Anexo II. Modalidade “parellas”.

Anexo III. Modalidade “individual”.

QUINTA. - Premios

Os premios establecidos para este concurso serán os seguintes:

COMPARSAS	PARELLAS	INDIVIDUAL
1º PREMIO 900€	1º PREMIO 200€	1º PREMIO 150€
2º PREMIO 700€	2º PREMIO 150€	2º PREMIO 100€
3º PREMIO 300€	3º PREMIO 80€	3º PREMIO 50€

SEXTA. - Xurado do concurso. Composición e criterios de valoración

Os criterios de avaliación do concurso estarán determinados polo xurado disposto no mesmo lugar do concurso, tanto desfile como performance, baile, actuación no lugar do evento. A presentación/desfile de cada participante non poderá superar o minuto de baile/exhibición. Os audios de 1 minuto deben ser enviados a: **cultura.deportes@valdodubra.gal** indicando nome artístico da comparsa, parella ou disfraz individual.

Os/As membros do xurado puntuarán de 1 a 5 puntos os seguintes criterios:

- Orixinalidade do disfraz
- Posta en escea e ambientación durante o percorrido
- Aderezo

A carroza valorarase cunha menor puntuación, de 1 a 2 puntos, xa que consideramos que é un valor engadido á actuación e ao conxunto do disfraz para non desvirtuar o



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

carácter do concurso e garantir a igualdade entre participantes con e sen carroza.

Poderase declarar deserto calquera premio se a xuízo do propio xurado non se reúnen os méritos suficientes.

A composición do xurado será a seguinte:

PRESIDENCIA: A determinar

VOGAIS: Representantes das Anpas, Mulleres Rurais, ...

SECRETARÍA: Persoal técnico ou administrativo adscrito á Concellería de Cultura que actuará con voz e sen voto, ou persoa en que se delegue.

SÉTIMA.- Resolución do concurso

A resolución do concurso, consonte ao veredicto emitido polo xurado, farase pública ao remate do concurso no lugar do evento, con indicación do reparto dos premios previstos nas distintas modalidades ou, no seu caso, daqueles que puideran quedar desertos.

OITAVA.- Observacións

A Concellería de Cultura quedará facultada para resolver, con arranxo ás súas atribucións, as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.

NOVENA.- Protección de datos

Os datos facilitados polos participantes inscritos no concurso serán tratados e protexidos de acordo co previsto na normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura do Concello de Val do Dubra.

DÉCIMA.- Aceptación

A sinatura do formulario de inscrición no concurso implicará o coñecemento e aceptación por parte dos participantes das súas bases reguladoras.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

ANEXO I

CONCURSO DE DISFRACES CONCELLO DE VAL DO DUBRA 2026 SOLICITUDE DE INSCRICIÓN **MODALIDADE COMPARSA**

1. TÍTULO DO

DISFRACE:
.....

2. PRESENTA CARROZA OU ALGÚN OUTRO TIPO DE ELEMENTO:

Indicar breve descrición e medidas aproximadas

.....
.....
.....
.....

3. PARTICIPANTES. INDICAR NÚMERO APROXIMADO:

4. DATOS DO/A ASINANTE/REPRESENTANTE:

NOME E APELIDOS DA PERSOA /ASOCIACIÓN QUE PRESENTA E ASINA A INSCRICIÓN (no caso das asociacións deberá figurar o nome da asociación e do/a seu/súa presidente/a, así como o seu CIF/NIF)

.....
.....
.....

DNI :

TELÉFONO:

ENDEREZO :.....
.....

CORREO

ELECTRÓNICO :

- REPRESENTANTE: a persoa asinante da inscrición constará como representante e beneficiario aos efectos tributarios no caso do outorgamento de premios/s

A persoa asinante/representante, nos termos do previsto na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, ao asinar o formulario de inscrición manifesta, baixo a súa responsabilidade, que:



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

- En caso de ser máis participantes dos/as que asinan, que ostenta a representación do resto dos participantes para todos los efectos que se deriven do concurso e que está autorizado/a de forma indistinta, polo resto dos/as participantes, para recibir, se fose caso, o premio no seu nome, obrando na súa posesión os documentos que acreditan a representación outorgada .
- En caso de participación de menores, ter as autorizacións asinadas polos/as representantes legais dos/as menores para súa a participación
- De acordo co establecido na normativas de Subvencións, non se incorre en ningún dos supostos que impidan obter a condición de beneficiario.
- Estar corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social; e que se AUTORIZA ao Concello para a comprobación do cumprimento destes requisitos
- Se Compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao procedemento.

NOTAS

- A documentación que declaran posuír o/a asinantes poderá ser requirida, si se estima conveniente, por esta Administración.
- Os/as participantes cédennlle os dereitos de imaxe e vídeo ao Concello de Val do Dubra para a súa reprodución en distintos medios.
- Estes datos, recollidos coa única finalidade de participación no concurso e actos derivados, serán tratados de conformidade coa normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal; serán responsabilidade e propiedade do Concello de Val do Dubra, e non poderán ser comunicados nin cedidos a terceiros.
- En caso de requirires acompañamento musical, este deberá enviarse ao seguinte correo electrónico: cultura.deportes@valdodubra.gal, en formato compatible (.wav, .flac, .mp3) e facendo constar o nome do disface.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcái, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

ANEXO II

CONCURSO DE DISFRACES CONCELLO DE VAL DO DUBRA 2026 SOLICITUDE DE INSCRICIÓN MODALIDADE PARELLAS

1. TÍTULO DO

DISFRACE:
.....

2. PRESENTA CARROZA OU ALGÚN OUTRO TIPO DE ELEMENTO:

Indicar breve descrición e medidas aproximadas

.....
.....
.....
.....

3. PARTICIPANTES. INDICAR NÚMERO APROXIMADO:

4. DATOS DO/A ASINANTE/REPRESENTANTE:

NOME E APELIDOS DA PERSOA /ASOCIACIÓN QUE PRESENTA E ASINA A INSCRICIÓN (no caso das asociacións deberá figurar o nome da asociación e do/a seu/súa presidente/a, así como o seu CIF/NIF)

.....
.....
.....

DNI :

TELÉFONO:

ENDEREZO :
.....

CORREO

ELECTRÓNICO :

- REPRESENTANTE: a persoa asinante da inscrición constará como representante e beneficiario aos efectos tributarios no caso do outorgamento de premios/s

A persoa asinante/representante, nos termos do previsto na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, ao asinar o



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

formulario de inscrición manifesta, baixo a súa responsabilidade, que:

- En caso de ser máis participantes dos/as que asinan, que ostenta a representación do resto dos participantes para todos los efectos que se deriven do concurso e que está autorizado/a de forma indistinta, polo resto dos/as participantes, para recibir, se fose caso, o premio no seu nome, obrando na súa posesión os documentos que acreditan a representación outorgada .
- En caso de participación de menores, ter as autorizacións asinadas polos/as representantes legais dos/as menores para súa a participación
- De acordo co establecido na normativas de Subvencións, non se incorre en ningún dos supostos que impidan obter a condición de beneficiario.
- Atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social; e que se AUTORIZA ao Concello para a comprobación do cumprimento destes requisitos
- Se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao procedemento.

NOTAS

- A documentación que declaran posuír o/a asinantes poderá ser requirida, si se estima conveniente, por esta Administración.
- Os/as participantes cédennlle os dereitos de imaxe e vídeo ao Concello de Val do Dubra para a súa reprodución en distintos medios.
- Estes datos, recollidos coa única finalidade de participación no concurso e actos derivados, serán tratados de conformidade coa normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal; serán responsabilidade e propiedade do Concello de Val do Dubra, e non poderán ser comunicados nin cedidos a terceiros.
- En caso de requerires acompañamento musical, este deberá enviarse ao seguinte correo electrónico: cultura.deportes@valdodubra.gal, en formato compatible (.wav, .flac, .mp3) e facendo constar o nome do disface.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcái, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

ANEXO III

CONCURSO DE DISFRACES CONCELLO DE VAL DO DUBRA 2026 SOLICITUDE DE INSCRICIÓN **MODALIDADE INDIVIDUAL**

1. TÍTULO DO

DISFRACE:
.....

2. PRESENTA CARROZA OU ALGÚN OUTRO TIPO DE ELEMENTO:

Indicar breve descrición e medidas aproximadas

.....
.....
.....
.....

3. PARTICIPANTES. INDICAR NÚMERO APROXIMADO:

4. DATOS DO/A ASINANTE/REPRESENTANTE:

NOME E APELIDOS DA PERSOA /ASOCIACIÓN QUE PRESENTA E ASINA A INSCRICIÓN (no caso das asociacións deberá figurar o nome da asociación e do/a seu/súa presidente/a, así como o seu CIF/NIF)

.....
.....
.....

DNI :

TELÉFONO:

ENDEREZO :
.....

CORREO

ELECTRÓNICO :

- REPRESENTANTE: a persoa asinante da inscrición constará como representante e beneficiario aos efectos tributarios no caso do outorgamento de premios/s

A persoa asinante/representante, nos termos do previsto na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, ao asinar o formulario de inscrición manifesta, baixo a súa responsabilidade, que:



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

- En caso de ser máis participantes dos/as que asinan, que ostenta a representación do resto dos participantes para todos los efectos que se deriven do concurso e que está autorizado/a de forma indistinta, polo resto dos/as participantes, para recibir, se fose caso, o premio no seu nome, obrando na súa posesión os documentos que acreditan a representación outorgada .
- En caso de participación de menores, ter as autorizacións asinadas polos/as representantes legais dos/as menores para súa a participación
- De acordo co establecido na normativas de Subvencións, non se incorre en ningún dos supostos que impidan obter a condición de beneficiario.
- Atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social; e que se AUTORIZA ao Concello para a comprobación do cumprimento destes requisitos
- Se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao procedemento.

NOTAS

- A documentación que declaran posuír o/a asinantes poderá ser requirida, si se estima conveniente, por esta Administración.
- Os/as participantes cédennlle os dereitos de imaxe e vídeo ao Concello de Val do Dubra para a súa reprodución en distintos medios.
- Estes datos, recollidos coa única finalidade de participación no concurso e actos derivados, serán tratados de conformidade coa normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal; serán responsabilidade e propiedade do Concello de Val do Dubra, e non poderán ser comunicados nin cedidos a terceiros.
- En caso de requirires acompañamento musical, este deberá enviarse ao seguinte correo electrónico: cultura.deportes@valdodubra.gal, en formato compatible (.wav, .flac, .mp3) e facendo constar o nome do disface.

Val do Dubra, asinado dixitalmente

O alcalde

Diego Luís Díaz Méndez